

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA NECESIDADE DE
NOMEAMENTO INTERINO NA EIM GREGORIO SANZ, DUNHA TÉCNICO/A DE
EDUCACIÓN INFANTIL PARA A SUBSTITUCIÓN DA FUNCIONARIA INTERINA,
SORAYA MARIÑO CAMPOS, DENDE O 18 DE MARZO AO 14 DE MAIO DE 2024.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 8-2024, por un importe total de 6.597,47 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da necesidade de nomeamento interino na EIM Gregorio Sanz, dunha Técnico/a de Educación Infantil para a substitución da funcionaria interina Soraya Mariño Campos, dende o 18 de marzo ao 14 de maio de 2024, segundo se pon de manifesto polo servizo de Persoal e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/296, de data 07.03.2024 así como os RCMOD núm: 2024/15721 de data 07.03.2024, por importe de 6.597,47 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 6.597,47 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
32000.12003	6.597,47 €	32382.12002 32382.12100 32382.12101 32382.16000	243238201	2.506,29 € 1.031,45 € 1.468,21 € 1.591,52 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	6.597,47 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		6.597,47 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac4102119592550725019.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 8-2024 Técnico EIM Gregorio Sanz

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.